# O proxecto Life+ "Margal Ulla celebrou as XXXornadas de formación do Proxecto Ríos

O proxecto Life+ "Margal Ulla celebrou as XXXornadas de formación do Proxecto Ríos

16 of September of 2014 at 20:04

27 de setembro de 2014. Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con (Vilagarcía de Arousa).
O próximo sábado, día 27 de setembro, terán lugar na Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con (Vilagarcía de Arousa), as **XX Xornadas de Formación de Coordinadores/as do Proxecto Ríos**. A temática do curso será achegarnos ao proxecto **LIFE Margal-Ulla** que desenvolve a Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Aproveitaremos tamén para facer entrega do material do Proxecto Ríos aos novos grupos participantes. A sesión de tarde estará dedicada, como outros anos, ao recoñecemento dos macroinvertebrados, especies fundamentais no noso traballo.

**Programa das XX Xornadas de Formación:**

11.00 Chegada e entrega de material.

11.15 Estado do Proxecto Ríos.

12.00 LIFE Margal Ulla
-Presentacións do Proxecto Margal Ulla (Dr. Jesús Santamarina, Dirección Xeral de Conservación da Natureza)
-*Margaritifera margaritifera*, situación e avances do proxecto (Dra. Paz Ondina, USC)

14.00 Xantar.

15.30 Saída ao río e recoñecemento de macroinvertebrados.

19.00 Clausura do curso.

O curso é gratuíto. O número de prazas é limitado, polo que que é preciso inscribirse, tanto por teléfono (981 57 00 99) como por correo electrónico: ramses@adega.info

Links:
Nova